

ACTA NÚM. 20 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 30 DE NOVIEMBRE DE 2016.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:33 horas** do día **30 de novembro de 2016**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria urxente.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **interventora xeral do concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.

ORDE DO DÍA:

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.

2. Aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 1 e suplemento de crédito núms. 1 e 2 do organismo autónomo “AUDITORIO DE GALICIA”, do orzamento do ano 2016.

Cumpriméntase así:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

O Pleno da Corporación por 10 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, e 13 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), ratifica a urxencia da convocatoria da presente sesión.

O Sr. Alcalde, sinala que o debate do seguinte punto, xa foi tratado no pleno que veñen de celebrar.

2. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 1 E SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMS. 1 E 2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO “AUDITORIO DE GALICIA”, DO ORZAMENTO DO ANO 2016.

O informe de Intervención Municipal (Ref. 776/2016), de data 29 de novembro de 2016, con respecto ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

Achéganse os expedientes mencionados cos seguintes documentos:

1. Informes asinados pola directora – xerente en funcións de data 28 de novembro e 2016 e proposta do Sr. Presidente do consello reitor da mesma data

2. Informe nº 404/2016 e 668/2016 da intervención do Concello de Santiago que damos por reproducidos ao respecto da utilización do Superávit orzamentario agregado do exercicio 2015 do Concello de Santiago

NORMATIVA APLICABLE.

- Lei 7/85 de 2 de abril (LBRL)
- Lei 27/2013 de Racionalización e Sostenibilidade da Administración local
- Real Decreto-Lei 2/2014 de 21 de febreiro e RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, DA 16ª “(inversiones financieramente sostenibles)
- Lei orgánica 9/2013 de Control da débeda comercial no sector público de 20 de decembro e Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade presupuestaria y Sostenibilidade Financeira (LOEPSF)
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, de Regulamento orzamentario
- Instrución de Modelo Normal de Contabilidade Local. Orde EHA 3565/2008 de 3 de decembro cas modificacións introducidas pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo
- SEC 2010 nova versión do Sistema de contas europeo (en substitución de SEC /95)
- Acordos do Consello de Ministro fixando os obxectivos de Estabilidade orzamentaria, regra do gasto e débeda pública para o trienio 2016-2018.
- R/D Lei 17/2014 de 26 de decembro de medidas de sostenibilidade financeira das CCAA e EELL e outras de carácter económico (BOE 30/12/2014) DA 9ª que prorroga para 2015 as regras de destino do superávit previstas na DA 6ª da LOEPSF
- Lei 48/2015 de PGE para 2016 DA 82ª destino de superávit de 2015 das EELL
- Bases de Execución do Orzamento 2016 artigo 21 do orzamento vixente

Remitido a proposta cos expedientes mencionados, esta Intervención, ao abeiro do sinalado no artigo 177 do TRLFL, artigo 37 do RD 500/1990, artigo 32 do LOEP e da DA 16ª do TRLFL, emite o seguinte

INFORME

O expediente por crédito extraordinario nº 1/2016 (2016-CREXT-01) se propón na contía da integridade do RLTGX do Auditorio, por importe de 198.755,08 euros a técnica de incorporación do remanente ao concello -entidade matriz- non obsta para que se deba obrigatoriamente proceder polo propio OOAA a aplicación legal das contías do mesmo aos fins determinados na lexislación vixente. Sendo que o OO.AA0, non ten endebedamento propio, o resto que resulte da aplicación á saldo da conta 413 e

pendente de aplicación a data 31 / 12 / 2016 debe utilizarse polo propio Concello para a amortización de endebedamento.

Polo exposto se informa de conformidade a proposta de expediente de crédito extraordinario nº 1 /2016 e o expediente de Suplemento de Crédito nº 1 (2016-SUPLE-01) DO AUDITORIO para financiar gastos pendentes de aplicación (413) e os pagos pendentes de aplicación a 31 de decembro de 2015, que ascende á cantidade global de 44.146,62 euros con aplicacións de gasto de imputación das facturas pendentes.

Polo que fai ao expediente de Suplemento de crédito nº 2 / 2016 (2016-SUPLE-02 DO AUDITORIO) para financiar gastos de actividades deste último trimestre por importe de 80.000,00 euros. Se informa: de que a fonte de financiamento prevista é maiores ingresos sobre os previstos no orzamento do exercicio corrente incrementados polas achegas do Concello ao Organismo en contía de 80.000 euros.

Este tipo de modificación orzamentaria está regulada no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e artigos 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril. Neste sentido, compre analizar se o gasto que se propón incrementar e as súas fontes de financiamento axústanse ás disposicións legais

Debe quedar acreditado no expediente que o gasto non pode demorarse ao exercicio seguinte e que o crédito dotado é insuficiente. (artigo 177 punto 1) consta Memoria ao respecto da Directora xerente, nela queda explícito, non obstante, que, a practica integridade do gasto é gasto discrecional , causa pola que non poido ser de aplicación a contía prevista no orzamento de “fondo de continxencia”. Este incremento de gasto computa na regra de gasto do propio Auditorio. Se informa aos respecto das obrigas por incumprimento da chamada “regra do gasto” no informe nº 775 de data 28 de novembro ao respecto dos expedientes modificativos de crédito proposto no Orzamento do Concello.

Polo que fai as fontes de financiamento fai falta subliñar:

1)A fonte de financiamento subliñada no capítulo 4 de ingresos implica, en base ao establecido literalmente no artigo 177 punto 4 que no expediente se acredite que o resto dos ingresos se veñen efectuado con normalidade. Debe constar informe acreditativo e non so enunciativo expreso neste expediente que deberá incorporarse.

A lei de estabilidade establece a obriga de destinar os maiores ingresos obtidos ao longo do exercicio a amortización de débeda que non consta que teña o OOAA Auditorio de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 165 punto 2 do TRLFL os ingresos se destinarán a satisfacer o conxunto de obrigas do orzamento salvo “...en el caso de ingresos específicos afectados a fines determinados” As achegas do Concello ao Auditorio e Galicia teñan a natureza xurídica de transferencias e non teñen o carácter de afectación mais que os fins xerais do propio Organismo.

O efecto do incremento de gasto non financeiro no Organismo Autónomo é polo importe da contía íntegra dos 80.000 euros deste expediente e da contía íntegra dos expedientes nº 1 de suplemento e nº 1 de crédito extraordinario que afectará no Orzamento do propio Organismo, non sendo obriga legal de intervención manifestación expresa de tal cumprimento neste expediente. A estes efectos nos remitimos aos informes efectuados no informe de data 28 de novembro de 2016 (informe nº 775/2016 no Concello de Santiago).

3.- Tramitación e aprobación dos expedientes de modificación.

Segundo os artigos 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, serán de aplicación aos expedientes de suplemento de crédito as normas de aprobación, información, reclamacións e publicidade e recurso contencioso - administrativo aplicables aos Orzamentos, así como as normas establecidas nas Bases de Execución do Orzamento Municipal 2016.

Conclusiones.

Desde a Intervención Municipal, **INFÓRMASE**

FAVORABLEMENTE Eos expedientes de referencia cas **OBSERVACIÓNS** da necesaria xustificación no expediente de suplemento nº 2 que os ingresos do Auditorio de Galicia se veñen realizando con normalidade nos termos establecidos no artigo 177 punto 4 do TRLFL e de que se trata de gasto discrecional que ten efectos no cómputo da chamada “regrado gasto” do propio Organismo.

Por último e de conformidade co establecido na normativa de estabilidade se debe incorporar informe de intervención sobre os efectos deste expediente nos obxectivos de estabilidade, que ao peche deste informe e dado a premura con que se remitiu o expediente a Intervención (28 de novembro) está en elaboración.”

Consta, así mesmo, no expediente informe-proposta do Presidente do Consello Reitor do Organismo Autónomo “Auditorio de Galicia” de data 28 de novembro, máis acordo da Xunta de Goberno Local do día 30 seguinte.

Xa que logo, visto o informe transcrito e máis o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, o Pleno da Corporación, por 10 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, e 13 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG (8 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2016-CREXT-01 DO AUDITORIO para transferir ao concello o remanente líquido de tesourería para gastos xerais do ano 2015, por importe de 198.755,08 euros.

Este expediente terá o seguinte detalle:

Crédito extraordinario:

APLICACIÓN INCREMENTADA			DENOMINACIÓN	IMPORTE
	94200	46200	TRANSFERENCIAS A ADMINISTRACIÓN LOCAIS TERRITORIAIS A CONCELLOS	198.755,08

Financiamento: Remanente de tesourería para gastos xerais: 198.755,08 euros.

CONCEPTO DE INGRESOS INCREMENTADO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	198.755,08 euros

Segundo: Aprobar inicialmente o expediente de Suplemento de Crédito nº 2016-SUPLE-01 DO AUDITORIO para financiar gastos pendentes de aplicación (413) e os pagos pendentes de aplicación a 31 de decembro de 2015, que ascende á cantidade global de 44.146,62 euros.

Este expediente terá o seguinte detalle:

APLICACIÓN INCREMENTADA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
-------------------------	--------------	---------

33000	22609	ACTIVIDADES CULTURAIS	4.153,86
33000	22799	CONTRATOS CON OUTRAS EMPRESAS	23.698,43
33300	21200	MANTEMENTO E OUTROS	301,70
33300	22100	ENERXÍA ELÉCTRICA, AUDITORIO DE GALICIA	5.824,81
33300	22200	GASTOS COMUNICACIÓNS TELEFÓNICAS	527,18
33300	22700	TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	7311,01
33301	22700	TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	2.329,63

Financiamento: Aportación do Concello – Auditorio de Galicia: 44.146,62 euros

CONCEPTO DE INGRESOS INCREMENTADO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
46201	Aportación do Concello- Auditorio de Galicia	44.146,62 euros

Terceiro: Aprobar inicialmente o expediente de Suplemento de Crédito nº 2016-SUPLE-02 DO AUDITORIO para financiar gastos de actividades deste último trimestre por importe de 80.000,00 euros.

Este expediente terá o seguinte detalle:

APLICACIÓN INCREMENTADA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
33000 22609	ACTIVIDADES CULTURAIS	80.000,00

Financiamento: Aportación do Concello – Auditorio de Galicia: 80.000,00 euros

CONCEPTO DE INGRESOS INCREMENTADO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
46201	Aportación do Concello- Auditorio de Galicia	80.000,00 euros

Cuarto: Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

Quinto: Elevar automaticamente a definitivo o acordo inicialmente aprobado si contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-presidente a da por finalizada sendo as 10:35 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario do pleno,

Martíño Noriega Sánchez

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo